

DECRETO NÚMERO \$

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 1-2020. EUROPE DIRECT) FINANCIAMENTO POR PARTE DA DIRECCIÓN XERAL DA COMISIÓN EUROPEA (CIF N0021150H) PARA A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO DE COMUNICACIÓN PARA A OFICINA DE EUROPE DIRECT

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 25.175,00 €, en base á Resolución da Dirección Xeral de Comunicación da Comisión Europea, CIF N0021150H, de data 13/12/2019 en base á proposta "COMM/MAD/ED72018-2020 de concesión de subvención de red de Centros de Información Europe Direct para el año 2020" que obra no expediente (Rexistro de entrada núm. 201900000031909 de data 20/12/2019), para a contratación dun técnico de comunicación Subgrupo A1 para a oficina de Europe Direct ata o 31.12.2020 (importe total do gasto subvencionable é de 48.011,28 €, o coeficiente de financiamento 52,44 % se verificará ao final da execución efectiva e o importe da subvención é 25.175,00 €), propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (dereitos recoñecidos e ingresos efectuados), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

- Resolución da Dirección Xeral de Comunicación da Comisión Europea, CIF N0021150H, de data 13/12/2019 en base á proposta "COMM/MAD/ED72018-2020 de concesión de subvención de red de Centros de Información Europe Direct para el año 2020" que obra no expediente (Rexistro de entrada núm. 201900000031909 de data 20/12/2019), para a contratación dun técnico de comunicación Subgrupo A1 para a oficina de Europe Direct ata o 31.12.2020

- Cálculos estimativos das retribucións, Seguridade Social e Indemnizacións relativos ao traballador a contratar polo Concello polo período dun ano por un importe total de **48.011,28 €.**

- Informe da Axencia de Desenvolvemento Local para a contratación e execución do proxecto "Europe Direct" e contratación dun técnico de comunicación para oficina Europe Direct, asinado pola responsable técnica de Desenvolvemento Local, dona Isabel Villamor Cabado, coa conformidade do Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego, don Mauricio Victorio Repetto Morbán.

-Proposta da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, de data 28/01/2020 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados.

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos firmes de aportación da Comisión Europea